

# **CONSELLO ESCOLAR DE VALENCIA**

## **I. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **I.1 REFERENCIA Ó MARCO LEGAL**

#### *I.1.A A LOXSE:*

- a) No preámbulo indícase que "a lei garante un período formativo común de dez anos, que abrangue tanto a educación primaria como a educación secundaria obligatoria". Este período formativo común a todos los españoles organizarase de maneira comprensiva, compatible cunha progresiva diversificación. No ensino secundario obligatorio tal diversificación será crecente, o que permitirá acoller mellor os intereses diferenciados dos alumnos, adaptándose ó mesmo tempo á pluralidade das súas necesidades e aptitudes, co fin de lles posibilitar que acaden os obxectivos comúns desta etapa.
- b) Neste sentido, o artigo 18 determina que "a educación secundaria obligatoria terá como finalidade transmitirles a todos los alumnos os elementos básicos da cultura, formalos para asumi-los os seus deberes e exerce-los os seus dereitos e preparalos para a incorporación á vida activa ou para acceder á formación profesional específica de grao medio ou ó bacharelato".
- c) En consecuencia, o artigo 21.1 establece: "Co fin de acada-los os obxectivos desta etapa (educación secundaria obligatoria), a organización da docencia atenderá á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses do alumnado". Así mesmo, o artigo 21.2 dispón: "Ademais das áreas mencionadas no artigo anterior (obligatorias), o currículo comprenderá materias que terán un peso crecente ó longo desta etapa. En todo caso, entre as ditas materias optativas, incluiranse a cultura clásica e unha segunda lingua estranxeira".
- d) De maneira específica, o artigo 23.1 prevé que "na definición das ensinanzas mínimas fixaranse as condicións en que, para determinados alumnos maiores de dezaseis anos, trala súa oportuna avaliación, se poidan establecer diversificación do currículo nos centros ordinarios. Neste suposto, os obxectivos desta etapa acadaranse cunha metodoloxía específica, a través de contidos e mesmo de áreas diferentes ás establecidas con carácter xeral".

- e) Así mesmo, o capítulo V do título primeiro contempla a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e dedica o título V á compensación das desigualdades na educación.

#### **I.1.B A LOPEGCED**

- a) A disposición adicional segunda sobre a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais establece que “para estes efectos, enténdese por alumnos con necesidades educativas especiais aqueles que requirán (para que se desenvolva eficazmente a idea integradora), nun período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencíóns educativas específicas por padeceren discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, por manifestaren trastornos graves de conducta ou por estaren en situacións sociais ou culturais desfavorecidas”.
- b) En consecuencia, a mesma disposición establece que “os centros docentes sostidos con fondos públicos teñen a obriga de escolariza-los alumnos ós que fai referencia o punto anterior. En todo caso, deberase respectar unha igual proporción dos ditos alumnos por unidade nos centros docentes da zona de que se trate, agás naqueles supostos en que sexa aconsellable outro criterio para garantir unha mellor resposta educativa ós alumnos. As administracións educativas dotarán os centros dos recursos necesarios para atender axeitadamente a estes alumnos.

#### **I.1.C DECRETO 47/1992, DO 30 DE MARZO, DO GOBERNO VALENCIANO, POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NA COMUNIDADE VALENCIANA**

- a) Na exposición de motivos recoñécese “o dobre carácter terminal e preparatorio da etapa”. E “por todo iso, aínda conservando un forte carácter comprensivo, a educación secundaria obligatoria debe permitir e facilitar itinerarios educativos distintos, que se correspondan coa diversidade de intereses dos alumnos, mediante a oportuna orientación sobre todo no último ciclo da etapa. Equilibrada coa comprensibilidade, cómpre favorecer unha diversidade crecente ó final desta. A dita diversidade queda reflectida, ante todo, nun espacio maior para actividades educativas opcionais”. A oferta de materias optativas non se debe converter nunha vía de segregación dos alumnos e, ó mesmo tempo, debe permiti-lo desenvolvemento das capacidades expresadas nos obxectivos xerais, sen condiciona-las opcións educativas futuras.
- b) O artigo 6.1, dispón que “además das áreas mencionadas no apartado 1 do artigo 5 (obligatoria), o currículo comprenderá materias optativas, que terán maior horario lec-

tivo ó final da etapa. Trátase de responder xunto coas opcións sinaladas no artigo anterior (para o cuarto ano da etapa) ós diferentes intereses, motivacións e necesidades do alumnado, amplia-la súa orientación, facilita-la súa transición á vida activa e contribuír ó desenvolvemento das capacidades explicitadas nos obxectivos xerais da etapa”.

- c) O artigo 12.1 establece: “No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non responda ós obxectivos programados, os profesores adaptarán as oportunas medidas de reforzo educativo e, se é o caso, de adaptación curricular”.
- d) O artigo 14 regula: “Na educación secundaria obligatoria poderanse realizar adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo, dirixidas a alumnos con necesidades educativas especiais. Tales adaptacións poderán consistir na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como na ampliación das actividades educativas de determinadas áreas curriculares. As adaptacións curriculares ás que se refire este artigo tenderán a que os alumnos acaden as capacidades xerais propias da etapa de acordo coas súas posibilidades. As ditas adaptacións estarán precedidas dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumno e dunha proposta curricular específica”.
- e) O artigo 15 dispón: “1. Para alumnos con máis de 16 anos, os equipos docentes poderán establecer diversificación do currículo nos termos previstos no artigo 23 da Lei orgánica 1/1990. Estas diversificacións terán que establecerse previa avaliación psicopedagóxica, óidos os alumnos e os seus pais, e co informe da inspección educativa. 2. As citadas diversificacións terán como obxectivo que os alumnos adquiran as capacidades xerais propias da etapa. Con ese fin, o currículo diversificado incluirá, polo menos, tres áreas do currículo básico e, en todo caso, incorporará elementos formativos do ámbito lingüístico e social, así como elementos do ámbito científico-tecnolóxico. 3. O programa de diversificación curricular para cada alumno deberá incluir unha clara especificación da metodoloxía, contidos e criterios de avaliación personalizados no marco do que estableza a Consellería de Cultura, Educación e Ciencia”.

#### **I.1.D ORDE DO 23 DE ABRIL DE 1993, DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E CIENCIA, SOBRE AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

- a) Na exposición de motivos, propón “unha avaliación integrada, propia dunha etapa que supón a finalización da educación obrigatoria e, por tanto, unha etapa non segregadora en que os alumnos desenvolven as súas capacidades para proseguí-los seus estudos ou integrarse na actividade social. Unha avaliación que forma parte do labor diario da aula e do centro educativo, que terá que levarse a cabo de xeito continuo e personalizado”.

- b) O apartado 6 establece que no contexto do proceso de avaliación continua, “cando o progreso dun alumno non responda ós obxectivos programados, os profesores adoptarán as medidas educativas complementaria ou de adaptación curricular que consideren oportunas para axudarlos a supera-las dificultades mostradas”.
- c) O apartado 11.2 prevé que para os alumnos que teñan máis de 16 anos, “o conxunto de profesores poderá adoptar, como medida excepcional, o establecemento dun programa individualizado de diversificación curricular, dirixido a que o alumno acade as capacidades xerais propias da etapa”.
- d) A disposición adicional segunda establece que “a avaliación dos alumnos con necesidades educativas especiais se rexerá, con carácter xeral, polo disposto na presente orde”.

#### **I.1.E ORDE DO 9 DE MAIO DE 1995, DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E CIENCIA, POLA QUE SE REGULAMENTAN AS MATERIA OPTATIVAS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

- a) O apartado 1.2 dispón “A oferta de materias optativas deberá responder ós diferentes intereses, motivacións e necesidades do alumnado, amplia-la súa orientación, facilita-la súa transición á vida activa e contribuír ó desenvolvemento das capacidades xerais ás que se refiren os obxectivos da etapa”.
- b) Á súa vez, o apartado 5 establece que os centros seleccionarán a relación de materias optativas de oferta xeral que lle ofrecerán ó alumnado en cada curso. Para realiza-la dita selección, os centros terán en conta, entre outros criterios, a adecuación á diversidade do alumnado.

#### **I.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN**

Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

- a) No título preliminar, artigo 9.1, establecécese que “o contido e os métodos educativos de cada nivel se adecuarán á evolución psicobiolóxica dos alumnos”. Así mesmo, no apartado 4, contémplase que “a orientación educativa e profesional deberá constituir un servicio continuado ó longo de todo o sistema educativo, atenderá á capacidade, aptitude e vocación dos alumnos e facilitará a súa elección consciente e responsable”.
- b) No artigo 15.1, contémplase que “a EXB ten por finalidade proporcionar unha formación integral, fundamentalmente igual para todos e adaptada, no posible, ás aptitudes e capacidades de cada un”. Así mesmo, no seu apartado 2,b, dispón que “na segunda (etapa), para nenos de once a trece anos, haberá unha moderada diversificación das ensi-

nanzas por áreas de coñecemento, prestándose atención ás actividades de orientación, co fin de lle facilitar ó alumno as ulteriores opcións de estudio e traballo”.

- c) A mesma lei dedica o capítulo VII do título primeiro á educación especial, “que terá como finalidade preparar, mediante o tratamento educativo axeitado, a tódolos deficiente e inadaptados para unha incorporación á vida social, prestándolle unha atención especial ós escolares superdotados para o debido desenvolvemento das súas aptitudes”.

A partir da lei de 1970, iníciase unha tradición de carácter más ben metodolóxico e didáctico, coñecida como “educación personalizada”. Sen embargo, a idea de atender de maneira diversificada as necesidades educativas de certos grupos de alumnado foise concretando únicamente cara a intervencións en dous ámbitos, coñecidos como “educación especial” e “educación compensatoria”.

Así, a LOXSE recolle ámbalas tradicións, no capítulo V do título primeiro na educación especial, e no título V a compensación das desigualdades na educación.

No ámbito da Comunidade Valenciana, o decreto 39/1998, do 31 de marzo, do Goberno Valenciano, regulamenta a ordenación da educación para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

Acadadas as competencias plenas en materia educativa, a Comunidade Valenciana desenvolve un programa de educación compensatoria, dende o 14 de outubro de 1983, en que se asina un convenio entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Cultura, Educación e Ciencia, ata a actualidade.

### **I.3 SOLUCIÓNNS, ESTRATEXIAS E MODELO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA COMUNIDADE VALENCIANA**

Orde do 18 de xuño de 1999, da Consellería de Cultura, Educación e Ciencia, pola que se regulamenta a atención á diversidade na educación secundaria obligatoria.

O conxunto do ensino obligatorio regulado pola LOXSE, e máis en concreto a etapa da educación secundaria obligatoria, persegue dúas finalidades fundamentais: ofrecer unha formación básica común para todo o alumnado e crea-las condición que fagan posible un ensino personalizado que teña en conta as peculiaridades de cada alumno e de cada alumna e se adapte a elas, establecendo unha axeitada diversificación dos contidos nos seus últimos anos.

Unha educación básica, común e obligatoria parta tódolos cidadáns, tradúcese necesariamente nunha ordenación curricular integradora, capaz de ofrece-las mesmas oportunidades de formación e, no fundamental, as mesmas experiencias educativas a todo o alumnado, evitando as desigualdades que se poidan derivar de factores sociais, económicos culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

Un dos indicadores de calidade do ensino refírese á capacidade que debe te-lo sistema educativo, no seu conxunto e en tódolos seus ámbitos de actuación, para ofrecer e propor un deseño e unha práctica educativa axeitados á diversidade de capacidades, intereses e motivación de tódolos alumnos e de tódalas alumnas.

Non se terá que entende-la diversidade do alumnado ligada exclusivamente ó desenvolvemento das súas capacidades nin ás dificultades de aprendizaxe que iso poida levar consigo en determinados casos. As diferencias individuais están asociadas en moitas ocasións a expectativas, motivacións, estilos de aprendizaxe ou outras características da personalidade que non teñen por qué supor un obstáculo para acada-los obxectivos educativos do ensino formal, senón que constitúen unha das condicións que se deben ter en conta en todo proceso de ensino e aprendizaxe.

Neste sentido, convén lembrar que, se ben é certo que os alumnos se diferencian progresivamente canto á súa capacidade para aprender, esta non se debe entender como algo estático e impermeable ás experiencias educativas. Polo contrario, a experiencia educativa incide no desenvolvemento do alumnado e na súa capacidade de aprender. Por iso, a axuda pedagóxica por parte do profesorado, axustada á diversidade das capacidades, os intereses e as motivación do alumnado, resulta tan básica como as propias condicións que presenta o alumno.

En consecuencia, a Orde do 18 de xuño de 1999, da Consellería de Cultura, Educación e Ciencia da Xeneralidade Valenciana, que comentaremos a continuación, contempla unha serie de medidas de atención á diversidade que cada centro docente poderá adoptar para que o seu alumnado atope resposta ás súas necesidades educativas, especialmente aquel que pertenza a minorías étnicas, que estea en situacións sociais ou culturais desfavorecidas, que presente dificultades graves de aprendizaxe e de convivencia, ou que padeza discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas.

O centro, antes de aplicar calquera medida, deberá elaborar un plan de actuacións para a atención á diversidade do seu alumnado de educación secundaria obligatoria, tendo en conta que non tódalas medidas teñen o mesmo carácter, como se indicará a continuación, e que unha boa aplicación das medidas de carácter xeral permitirá que o número de alumnos e de alumnas para os que sexa necesario propor algunha das medidas específicas sexa o menor posible.

### **I.3.A MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL**

#### **I.3.A.1 Concreción do currículo**

A vía xeral e máis importante de atención á diversidade derívase do propio carácter aberto e flexible do currículo, que deberá permitir mediante os distintos niveis de concreción previstos, unha práctica educativa adaptada ás características do alumnado de cada centro, de cada grupo aula e, en definitiva, a cada alumno ou alumna concretos.

O currículo básico define as intencións educativas en termos de obxectivos xerais da etapa e das áreas, así como dos grandes núcleos de contido e dos criterios de avaliación de cada unha delas, de forma que queda garantido o marco prescriptivo común da educación obligatoria.

Esas prescripcións posúen, non embargante, un amplio grao de apertura e flexibilidade, polo que se poden e deben materializar de diversos xeitos nos proxectos curriculares e, en ultima instancia, nas programacións que cada profesor e cada profesora levan a cabo tendo en conta, entre outros aspectos, as diferentes capacidades, intereses e motivación dos seus alumnos.

O currículo responde á finalidade de contribuír ó desenvolvemento harmónico dun conxunto de capacidades (cognoscitivas, motrices, afectivas ou de equilibrio persoal, de relación interpersoal e de inserción e actuación social) que se plasmaron nunha selección de contidos e criterios de avaliación na que se tivo en conta que as diferencias individuais podan ser mellor atendidas.

Así, o que elixira contidos básicos, en que a súa aprendizaxe pon en xogo o conxunto das capacidades antes citadas e non soamente as que tradicionalmente estiveron presentes no medio escolar, facilita o desenvolvemento integral de tódolos alumnos e alumnas, respectando as súas diferencias de aptitudes. Así mesmo, a inclusión en cada un dos bloques que integran as áreas de tres tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes), favorece a atención á diversidade do alumnado.

O conxunto dos contidos seleccionados atende á pluralidade de dimensións que presenta a cultura do noso tempo: a dimensión humanística, a científica, a tecnolóxica e a ética, incardinada esta en tódalas demais. Este último aspecto ten unha especial relevancia en cada unha das áreas, tanto pola inclusión en tódolos seus núcleos temáticos de contidos actitudinais como pola presencia dos denominados “temas transversais” nelas, que incorporan elementos curriculares de gran calado social, e contribúen a formar persoas con criterio proio e autonomía moral.

### I.3.A.2 A atención á diversidade no proxecto educativo e no proxecto curricular

O carácter flexible e aberto do currículo básico reclama un desenvolvemento del que terá que se plasmar en niveis de concreción sucesivos: dende o que estableceron prescriptivamente as comunidades autónomas con competencias en materia educativa, ata o que determine o profesorado nas correspondentes programacións da súa área ou materia.

Entre estes dous extremos cómpre situa-las decisións que o profesorado no seu conxunto adopte no proxecto educativo de cada centro, así como no proxecto curricular da etapa. Ámbolos dous constitúen o segundo nivel de concreción curricular e terán que servir para lle dar identidade e coherencia á acción educativa do equipo docente dun centro determinado. Interesa destacar aqueles aspectos que se relacionan directamente coa atención á diversidade do alumnado e que deben quedar recollidos no proxecto educativo e no proxecto curricular.

O proxecto educativo debe concretar, na definición das grandes finalidades do centro, a adaptación dos obxectivos da etapa ás prioridades educativas por parte do conxunto da comunidade escolar (pais e nais, profesorado e alumnado). Un caso concreto que se cita na orde é o daqueles centros que escolaricen alumnado procedente doutras etnias ou culturas, que deberán ter especialmente en conta na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular a incorporación de aspectos que promovan entre todo o alumnado o coñecemento, os respectos e a valoración da diversidade social e cultural.

O proxecto curricular de educación secundaria obligatoria debe recolle-lo criterios e procedementos para organiza-lo conxunto de medidas de atención á diversidade que se teñan que desenvolver na etapa. E nas programacións dos departamentos didácticos débense concreta-lo elementos curriculares das áreas ou materias que imparten, realizando a adecuación, organización e secuencia dos elementos prescriptivos do currículo para responder ás necesidades educativas do alumnado do seu centro.

Para iso, os departamentos didácticos deberán determinar:

- Os diversos graos de adquisición das capacidades expresadas nos obxectivos xerais da área ou materia.
- Os contidos básicos para conseguir un desenvolvemento axeitado dos obxectivos da área ou materia.
- Os contidos complementarios, de ampliación ou de reforzo, para o alumnado que os precise.
- Actividades e metodoloxía diferentes para o desenvolvemento dun mesmo contido, en función do seu grao de dificultade e, en coherencia con elas, os criterios e os instrumentos de avaliación máis axeitados.

### I.3.A.3 A resposta á diversidade na aula

Sen dúbida ningunha é no contexto do grupo-aula onde adquire o seu significado pleno o principio de atención á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, pois ese é o ámbito en que se materializa o proceso de ensino e aprendizaxe e no que se fan patentes as diferencias dos alumnos e das alumnas, así como as súas dificultades para avanzar no logro dos obxectivos propostos.

Trátase, en definitiva, de planifica-la actividade docente incorporando recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferenciadas ás diversas necesidades que xurdan. Esta forma de proceder implica o que cabería denominar unha atención á diversidade preventiva; é dicir, que non espera a que aparezan as dificultades, senón que se anticipa a elas, asumindo desde o principio as diferencias no interior de cada grupo.

Todo iso aconsella, cando menos, planificar actuacións en diferentes ámbitos:

*a.) Respecto á selección dos contidos.*

Cómpre determinar claramente os contidos nucleares ou fundamentais do currículo, entendendo como tales os que resultan imprescindibles para aprendizaxes posteriores, así como aqueles que contribúen ó desenvolvemento de capacidades xerais (comprensión e expresión, resolución de problemas, busca e selección de información, etc.), ou ben posúen unha grande funcionalidade.

Todo iso debe facilita-la atención á diversidade na aula, xa que permite traballar con determinados alumnos establecendo prioridades, distribuíndo o tempo de acordo con elas e fixando uns mínimos para todo o grupo, sen que iso supoña que a totalidade do alumnado teña que lograr necesariamente as mesmas aprendizaxes co mesmo ritmo e co mesmo grao para calquera tipo de contidos.

*b) Respecto ás estratexias didácticas.*

Os principios de intervención educativa que inspiran o currículo, especialmente a opción por unha aprendizaxe significativa, supón partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus coñecementos previos, para poder axusta-la resposta educativa á súa situación de partida. Así mesmo, pretende asegura-la construcción das aprendizaxes mediante o establecemento de relacións entre os coñecementos e experiencias previas dos alumnos e os novos contidos, favorecendo unha asimilación activa deles e propiciando a funcionalidade do aprendido; é dicir, a súa utilización en circunstancias reais cando o alumno o precise. Por último, porque persegue que os alumnos realicen as aprendizaxes por si sós ou, o que é o mesmo, que sexan capaces de aprender a aprender, de acceder a novos coñecementos cun grao de autonomía crecente.

Trátase de prever e empregar diferentes posibilidades que favorezan a atención á diversidade mediante un conxunto de estratexias ligadas tanto ó método de ensino como á organización interna do grupo. En concreto deberanse propor:

- a) Actividades de aprendizaxe variadas, que permitan distintas modalidades ou vías de acceso ós contidos e que presenten diferentes graos de dificultade.
- b) Materiais didácticos diversos; é dicir, máis ou menos complexos, máis ou menos centrados en aspectos prácticos ligados ós contidos, etc.
- c) Diferentes xeitos de agrupamento de alumnos ligados a unha organización flexible do espazo e do tempo, de maneira que permitan combina-lo traballo individual, o traballo en pequenos grupos e as actividades en gran grupo, así como organizar agrupamentos flexibles que transcendan o marco da aula, cando determinados alumnos necesiten apoios específicos.

*c.) Respecto á organización dos contidos.*

Aprender supón poder integrar as novas aprendizaxes na nosa estructura cognitiva. É, por tanto, un proceso que cada persoa terá que ser capaz de realizar cando aprenda. Sen embargo, esta

capacidade de poder relaciona-las novas aprendizaxes co que xa coñecemos depende en grande medida da forma en que nos acheguemos ó coñecemento.

A metodoloxía de resolución de problemas parece especialmente axeitada para favorecer que os alumnos constrúan os coñecementos en interacción con outros. Cada unidade didáctica ou proxecto de traballo debe estructurarse como unha secuencia didáctica completa; é dicir, debe constituir un pequeno ciclo de aprendizaxe cunha certa unidade interna. Neste sentido, as secuencias de aprendizaxe deberían contemplar:

- a) Actividades para a definición dos obxectivos. É fundamental axuda-los alumnos e as alumnas a tomar conciencia do que van aprender, do porqué das actividades, do que se espera deles. Este momento permitelle ó alumnado ir adquirindo unha visión de conxunto do obxectivo de aprendizaxe; aprender a planifica-la súa acción e o seu pensamento, a involucrarse no seu propio proceso de aprendizaxe. Ái mesmo, permite establecer claras relacións entre as intencións do profesorado e os intereses do alumnado. Para iso debe existir ante calquera nova aprendizaxe ou ante calquera novo contido:
  - A formulación dos obxectivos por parte do docente.
  - A comunicación dos ditos obxectivos ós alumnos e ás alumnas.
  - A comprobación da representación que deles fai o alumnado.
- b) Actividades para explica-las ideas previas. Cómprate partir dos coñecementos que posúe o alumnado para organizar unha secuencia de aprendizaxe. O alumnado debe tomar conciencia do seu punto de partida, o que lle permitirá revisa-los novos coñecementos desde estas representacións previas.
- c) Actividades para a creación do conflicto cognitivo. Para aprender é necesario desenvolver estratexias que permitan pór de manifesto tanto os propios puntos de vista como os contidos científicos. Co fin de contribuír á capacidade de autonomía na aprendizaxe, de aprender a aprender, convén facerelles ver ós alumnos que existe un desaxuste entre o que saben e o que descoñecen, de maneira que iso propicie a toma de consciencia por parte do alumno da necesidade e aprender algo. Se o alumno é capaz de identificar minimamente o que descoñece, non comprende ben ou non sabe facer, saberá qué preguntas facerse, qué información precisa, qué axuda debe pedir.
- d) Actividades para elaborar un plan de traballo. Ser capaces de establecer unha planificación previa, aínda que sexa de xeito moi esquemático ou aínda que se revise totalmente ó longo da realización das actividades, é unha tarefa fundamental, un guión de traballo, uns paso que permite anticipar e planifica-las accións necesarias para a consecución dos obxectivos.
- e) Actividades de desenvolvemento, de investigación e de resolución de problemas. É o conxunto de actividades teórico-prácticas que van permitir darrlle resposta ó problema

exposto e reestructurar, en definitiva, o coñecemento. Esta reestructuración é sempre persoal aínda que se produza guiada polo profesor e en interacción cos compañeiros.

- f) Actividades de aplicación e consolidación. Dicimos que un contido foi aprendido cando somos quen de aplicalo a outras situacións diferentes ás que se empregaron para abordalo. Se os alumnos teñen ocasión de aplíca-lo modelo elaborado, este irá evolucionando e enriquecéndose na medida en que se aplique a novas situacións. Moitas veces os alumnos aprenden un contido de forma moi esquemática e resultalles moi difícil realiza-la transferencia a outras situacións, porque normalmente esta adecuación supón introducir certas modificacións e non unha aplicación mimética.
- g) Actividades de síntese. As actividades de síntese son claves na secuencia de aprendizaxe porque nos obrigan a reflexionar sobre o que sabemos, a compara-lo aprendido co que sabiamos, e tamén a reflexionar sobre o modo en que aprendemos.

Como actividades de síntese pódese traballa-la elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais, informes parciais ou finais, etc. Todo isto sen perder de vista a importancia de verbalizar todo o proceso de aprendizaxe, a necesidade de lles explicar a outros o que aprendemos, por qué, para qué e cómo, o que nos obriga a organizar e sistematiza-lo noso pensamento e se convertere nunha estratexia de primeira orde para aprender.

#### I.3.A.4 As adaptacións curriculares

Na elaboración das programacións didácticas, os departamento terán en conta que hai alumnos e alumnas que, por presentaren condicións persoais de discapacidade motora, sensorial ou psíquica, por manifestaren graves trastornos de conducta, por se atoparen nunha situación social ou cultural desfavorecida, por dificultades temporais de aprendizaxe derivas de hospitalización ou de causas familiares, ou por posuiren unha alta capacidade intelectual, necesitan temporal ou permanentemente, medidas específicas.

Para iso, o profesorado realizará, para os alumnos e as alumnas que o precisen, as adaptacións curriculares necesarias dos diferentes elementos incluídos na programación didáctica que se realice para todo o alumnado do grupo: grao de adquisición de determinados obxectivos, adecuación dalgúns contidos, personalizacións das estratexias metodolóxicas e adecuación dos criterios e sistemas de avaliación das aprendizaxes. Estas adaptacións realizaranse sempre que non modifiquen significativamente a programación do grupo ó que pertence o alumno ou a alumnna, xa que cando supuñan unha modificación significativa se seguirá o procedemento determinado no capítulo III da orde.

#### I.3.A.5 Opcionalidade

O espacio de opcionalidade previsto nos dous ciclos da educación secundaria obligatoria é outra maneira de atender á diversidade dende o currículo básico.

Introdúcese a optatividade no currículo nun momento en que os intereses dos alumnos se manifestan de xeito bastante diferenciado, para que cada un deles tome as súas propias decisións en función das súas expectativas, ou ben, de acordo coas súas preferencias, reforzando en calquera caso a súa motivación polas aprendizaxes que se lle propoñen.

Con esta finalidade, a orde establece que a oferta de materias optativas que realice cada centro deberá incluir materias que permitan:

- Desenvolve-los obxectivos xerais algunas áreas mediante contidos diferentes e más próximos ás necesidades e intereses do alumnado.
- Traballar de maneira interdisciplinar contidos que faciliten o desenvolvemento dos obxectivos xerais da etapa.
- Reforza-las aprendizaxes básicas das áreas instrumentais a través duns contidos e unha metodoloxía diferentes.
- Amplia-la oferta curricular con materias que non formen parte do currículo común.
- Orientar na elección dos ciclos formativos de grao medio ou das modalidades debacharelato que se imparten no centro.

En calquera caso, cómpre ter en conta que tódalas materias optativas que se oferten deben contribuír ó desenvolvemento das capacidades expresadas nos obxectivos xerais da etapa.

A análise das materias optativas e das diversas opcións que o alumnado debe elixir son especialmente relevantes no cuarto curso da educación secundaria obligatoria. Por tanto, é importante que o departamento de orientación e os titores ou titoras do terceiro curso lle facilitem de maneira específica ó seu alumnado a información e a orientación necesarias para que a elección de optativas responda ás súas necesidades.

### I.3.A.6 Actividades de reforzo

Esta medida ten como obxectivo axuda-lo alumnado a supera-las dificultades de aprendizaxe naquelhas áreas en que o precise. Estas actividades diríxense ós que precisan un seguimento máis personalizado e máis tempo para acada-los obxectivos previstos.

Estas actividades están pensadas fundamentalmente para o alumnado que promocionara sen obter unha avaliación positiva nas áreas en que se organizaran. A orde establece que se organizarán preferentemente nas áreas instrumentais de matemáticas, lingua valenciana e literatura e lingua castelá e literatura.

Malia iso, unha vez organizadas no centro, convén estudia-la incorporación a elas daqueles alumnos e alumnas que se observe durante o curso académico que presentan determinadas dificultades en aspectos básicos das áreas instrumentais. Para poder decidi-lo alumnado susceptible de se incorporar ás actividades de reforzo, podería ser conveniente organizar unha sesión de avaliación

inicial, ó finaliza-lo mes de outubro. As novas incorporacións e a revisión da situación académica do alumnado que participa nestas actividades realizaranse en cada unha das sesións de avaliación ordinarias.

A incorporación do alumnado ás actividades de reforzo poderá ter carácter temporal ou ser para todo o curso académico. Para iso é necesario que o profesorado encargado da realización destas actividades manteña a coordinación necesaria co profesorado que imparte as áreas correspondentes no grupo de procedencia destes alumnos, para analizar conxuntamente se as medidas adoptadas son suficientes para supera-las mencionadas dificultades así como para determina-lo momento en que, se é o caso, o alumnado poida deixar de asistir a elas.

A orde establece que estas actividades se organizaran dentro do horario xeral que teña aprobado o centro docente, por medio do uso flexible do horario e do agrupamento do alumnado. En función das posibilidades organizativas e de horario dos centros pódense adoptar diferentes modelos:

- Organizarse simultaneamente a algúnhora das horas das áreas correspondentes nos grupos de referencia do alumnado participante, realizando os correspondentes desdobramentos deses grupos. Para iso, os citados grupos deben te-lo mesmo horario nas áreas correspondentes durante as sesións que estean previstas para a realización das actividades de reforzo.
- Constituír un grupo específico para o desenvolvemento de tódalas horas correspondentes a estas áreas. Neste caso, o horario correspondente será simultáneo en tódolos grupos de procedencia do alumnado participante.

O alumnado participante nas actividades de reforzo dunha área determinada deberá estar inscrito, en calquera caso, en máis dun grupo ordinario de referencia no que cursaría as demais áreas do currículo.

### I.3.A.7 Medidas educativas complementarias para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

O proceso de ensino e aprendizaxe que se comentou anteriormente implica entende-la avaliación como unha parte inseparable do proceso. A información que se obtén ó avaliar ten a finalidade de retroalimenta-lo conxunto das actividades do profesor e dos alumnos.

Así, esta información permitirá detecta-los coñecementos que o alumno xa ten sobre o contido que se vaia traballar, indicando con iso o punto de partida da intervención do profesor.

A información que se obtén da avaliación pode tamén empregarse (e esta é a súa función primordial) como se indicou anteriormente, para reaxusta-lo proceso en caso de que a aprendizaxe non se producira ou o grao de significatividade non sexa o desexado, ou para planifica-lo paso

seguiente. Neste caso, a avaliación ten finalidade formativa, derivada do carácter continuo do proceso.

Así mesmo, a información avaliativa pódese emplegar para comprobar se un alumno acadou ou non os obxectivos marcados na secuencia de aprendizaxes, tendo en conta o nivel do que partía. Esta función sumativa da avaliação convertése en inicial se a mesma información, ademais de indica-lo nivel de aprendizaxe logrado polo alumno, serve para planifica-lo punto de partida da seguinte actuación do profesor.

Finalmente, a información obtida a través da avaliação pódese emplegar para a acreditación e, de se-lo caso, a titulación do alumnado. Sen embargo, terá que quedar moi claro que se trata dunha decisión que se deriva da avaliação pero que é diferente do proceso avaliativo e da súa finalidade intrínseca.

Deste xeito, unha avaliação que debe ser personalizada, continua e integradora, debe tamén facilitar en grande medida a atención á diversidade do alumnado, xa que ten en conta o seu nivel e partida, permite orientar e axusta-lo proceso de aprendizaxe ó progreso de cada alumno e de cada alumna e propón a promoción ou obtención do título valorando sr ese progreso no seu conxunto responde ós obxectivos xerais propostos; é dicir, se o conxunto das capacidades desenvolvidas mantién un equilibrio e un grao de aprendizaxe global que fai aconsellable a decisión de promoción e, se é o caso, de obtención do título de graduado en educación secundaria.

Esta concepción da avaliação tamén debe permitir analiza-las situacións en que é conveniente que un alumno ou alumna permaneza un ano máis no mesmo curso. Esta decisión, que se pode tomar dúas veces durante a educación secundaria obligatoria, convén adoptala cando o alumnado presenta dificultades de aprendizaxe nos contidos básicos pero se considera que pode superalas dificultades permanecendo un ano máis no curso. Lémbrase na orde que cando se produciran as citadas dificultades se adoptará esta medida unha vez ó finaliza-lo primeiro ciclo e a segunda vez no curso do segundo ciclo que se considere máis axeitado.

É importante prever que hai determinados alumnos que se incorporan ó terceiro curso da educación secundaria obligatoria con dificultades importantes nas áreas instrumentais que lles impiden segui-lo currículo ordinario. Se permaneceran un curso máis nalgún dos ciclos de primaria ou no primeiro ciclo de secundaria obligatoria, é probable que non tiveran as mesmas dificultades e poderían continua-los seus estudos e obte-lo título de graduado sen ter que recorrer á aplicación dalgunhas das medidas extraordinarias previstas na orde, como os programas de diversificación curricular ou os programas de adaptación curricular en grupo. Agora ben, a decisión de que un alumno permaneza un ano máis no mesmo curso debe levar parella a adopción de medidas educativas complementarias, como son que o alumnado non volva repetir exactamente o mesmo có curso anterior, senón que se poida adapta-la resposta educativa ás súas necesidades. Poderase, así, modifica-la relación de áreas e materias e mesmo os horarios, de xeito que poida non cursar aquelas das que xa fora avaliado positivamente e reforza-las que lle presenten maiores dificultades.

### I.3.A.8 Orientación e titoría

A orientación educativa é un proceso de axuda ó alumnado que trata de adecua-la educación a cada alumno e a cada alumna, facilitando o seu carácter personalizado. Por tanto, constitúe un elemento decisivo de atención á diversidade. Este proceso iníciase antes de que o alumno ou a alumna se incorporen á educación secundaria obligatoria, continúa ó longo dela facilitándolle, entre outros elementos, estratexias para o traballo académico e para a toma de decisións, e culmina nesta etapa co consello orientador.

A orientación do alumnado forma parte da función docente e correspóndeelle exercela a todo o profesorado, desde o ámbito da súa área ou materia; ós titores dende a coordinación do proceso de aprendizaxe e avaliación do alumnado do seu grupo; e de modo especializado ó persoal do departamento de orientación.

O departamento de orientación planifica e coordina as actividades de orientación do centro, apoia o profesorado na práctica dun ensino adaptado á peculiaridades do alumnado e intervén directamente cos alumnos e as alumnas que requiren apoios específicos.

A orientación psicopedagóxica é unha orientación especializada, complementaria á titoría, que desenvolve o psicopedagogo ou a psicopedagoga. As actividades de orientación nos centros vefien recollidas no plan de orientación educativa, psicopedagólica e profesional e no plan de acción titorial, que forman parte do proxecto curricular.

## I.3.B MEDIDAS ESPECÍFICAS

As medidas xerais de atención á diversidade en ocasións non son suficientes para satisfacer as necesidades educativas de determinados alumnos e alumnas. Para eles, están previstas as medidas de atención á diversidade de carácter específico.

### I.3.B.1. Avaliación psicopedagólica

Se a avaliación psicopedagólica pode aportar elementos importantes para o deseño e desenvolvemento das medidas xerais de atención á diversidade, é requisito necesario para a adopción das medidas específicas a adaptación de acceso ó currículo, a adaptación curricular individual significativa, o programa de diversificación curricular e o programa de adaptación curricular en grupo.

A avaliación psicopedagólica é complementaria á avaliación que realiza o profesorado (avaliación educativa) e ámbalas dúas teñen a finalidade de axusta-la axuda pedagógica ás características e necesidades de cada alumno e alumna. Non obstante, a avaliación psicopedagólica ten unhas características propias, e adopta formas distintas segundo sexa a información que se poida obter do alumno e do seu contexto.

A avaliación psicopedagóxica é un proceso de recollida e análise de información relevante, sobre os diferentes elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe. Serve para identificá-las necesidades educativas de determinados alumnos ou alumnas, que presentan dificultades no seu desenvolvemento persoal ou desaxustes respecto ó currículo escolar por diferentes causas, así como para fundamentar e concreta-las decisións respecto á proposta curricular e o tipo de axudas que precisan para progresar no desenvolvemento das súas capacidades.

### I.3.B.2. Adaptacións de acceso ó currículo

Algúns alumnos ou alumnas, polas súas condicións persoais de discapacidade motora, psíquica ou sensorial, teñen graves dificultades para emprega-los medios e recursos ordinarios para acceder ó currículo. Para eles adóptase esta medida específica de atención á diversidade que pon ó seu dispor o persoal especializado, a axuda técnicas ou as medidas necesarias para acceder á aprendizaxe.

Para adoptar esta medida específica, requírese a avaliación psicopedagóxica favorable, a solicitude da dirección do centro e a oportuna autorización.

### I.3.B.3. Adaptacións curriculares individuais significativas

A adaptación curricular individual significativa é unha medida específica para determinados alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Estas necesidades educativas especiais pódense atribuír a diversas causas relacionadas, fundamentalmente, con condicións persoais derivadas de discapacidades permanentes ou temporais do alumnado (de orde física, psíquica o sensorial) ou cunha historia persoal e escolar debida a situacións sociais, familiares ou culturais.

A decisión de que un alumno ou unha alumna prosigan o seu ensino con adaptacións curriculares individuais significativas únicamente se adoptará despois de determinar se o alumno ou a alumna teñen necesidades educativas especiais, e o seu carácter permanente ou temporal, mediante a avaliación psicopedagóxica.

A dita avaliación psicopedagóxica dictaminará sobre as carencias educativas do alumno ou da alumna que lle impiden ou dificultan gravemente a adquisición de novas aprendizaxes e lle producen unha desmotivación crecente que pode conducir ó desinterese ou rexeitamento do medio escolar. Así mesmo, a avaliación psicopedagóxica indicará se é necesaria unha adaptación curricular individual significativa por non ser suficientes outras medidas de atención á diversidade, como as concretadas na programación da área ou materia, as adaptacións curriculares non significativas, as actividades de reforzo educativo, a permanencia un ano máis nun curso ou ciclo, etc.

A adaptación curricular individual significativa introduce modificacións importantes nos elementos prescriptivos do currículo conforme se concreta no proxecto curricular. Estas adaptacións poderán consistir na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contido, a modificación dos criterios de avaliación, así como a ampliación das actividades educativas de determinadas áreas. Na educación secundaria obligatoria, unha adaptación curricular individual significativa suporá que a distancia entre o currículo ordinario que segue o grupo ó que pertence o alumno ou a alumna e o currículo adaptado para ese alumno ou esa alumna sexa como mínimo dun ciclo.

#### I.3.B.4. Programa de diversificación curricular

Esta medida teráselle que propor ó alumnado que presentara en cursos anteriores dificultades xeneralizadas de aprendizaxe; alumnado que trala aplicación das medidas ordinarias adoptadas segundo o correspondente plan de atención á diversidade se atope en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario pero que, ó mesmo tempo, manifeste o seu interese en obte-lo título de graduado en educación secundaria.

Para este alumnado está previsto o programa de diversificación curricular como unha forma alternativa de cursar todo ou parte do segundo ciclo de educación secundaria obligatoria, que supón unha oportunidade de completa-la súa formación básica no marco da educación obligatoria en condición más axustadas ás súas características persoais.

O programa de diversificación curricular terá que entenderse como unha forma particular de adaptación curricular que implica, entre outros aspectos, a substitución de diversas áreas por ámbitos, que son un medio para integra-las aprendizaxes básicas e fundamentais e impartilas de forma globalizada.

Para a incorporación dun alumno ou unha alumna ó programa de diversificación curricular é imprescindible o acordo por escrito dos pais ou titores legais, o informe favorable da inspección de educación e unha avaliación psicopedagóxica previa, que determine tanto as capacidades xerais do alumno como a súa competencia curricular; é dicir, o seu grao de coñecementos dos contidos esenciais das distintas áreas cursadas e outros datos relevantes (motivación, expectativas, autoconcepto, etc.).

A orde de atención á diversidade especifica tódolos pasos necesarios para a posta en marcha destes programas e para o proceso de incorporación do alumnado. No anexo XI danse unhas orientacións sobre a organización e o desenvolvemento do currículo dos ámbitos.

### I.4 PROPOSTAS DE MELLORA

1. Necesidade de experimenta-las medidas propostas pola consellería, de face-lo seu seguimento e a súa avaliación.

2. Conveniencia de que a etapa de ESO se imparta completa no mesmo centro.
3. Conveniencia de que os equipos docentes sexan estables.
4. Necesidade de crear unha nova cultura sobre o significado de ESO e o que supón o título de graduado en secundaria.
5. Incrementa-la información ó profesorado, alumnado e pais e nais, así como a formación, para asegurar unha atención axeitada ás necesidades educativas do alumnado no momento que as precisen, evitando así ter que recorrer a medidas "extraordinarias".
6. Cómprase incorporar medidas que atendan á diversidade cultural do alumnado ou ás necesidades educativas do alumnado desfavorecido.
7. Para un eficaz tratamento da diversidade débense potencia-los recursos humanos e materiais nos centros educativos.

## **II. A ESCOLA INTERCULTURAL**

### **II.1 INTRODUCCIÓN**

Ante todo, para evitarmos confusión teremos que distinguir entre sociedade multiculturais e sociedades interculturais. Entendémos-la primeira como aquela en que diferentes culturas e grupos nacionais, étnicos e relixiosos viven sobre o mesmo territorio, pero non teñen forzosamente contactos; é unha sociedade na que a diferencia se percibe, con frecuencia, negativamente, e constitúe a principal xustificación da discriminación. As minorías poden, eventualmente, ser toleradas de xeito pasivo, pero nunca aceptadas ou apreciadas. A lei, que prevé os dereitos para pór en termos ás prácticas discriminatorias non se aplica sempre uniformemente.

As sociedades interculturais son aquelas en que diferentes culturas e grupos nacionais, étnicos e relixiosos viven sobre o mesmo territorio e teñen relacións abertas, de interacción, co recoñecemento mutuo dos seus modos de vida e valores respectivos. Trátase neste caso dun proceso de tolerancia activa e de mantemento de relacións equivalentes no seo das que cada un ten a mesma importancia: non hai persoas superiores nin inferiores, nin persoas mellores ou peores.

A interculturalidade é un proceso e non un obxectivo en si.

Limitándonos á educación intercultural, entendemos que é un proceso de educación social. Para que unha sociedade sexa realmente intercultural, cada grupo social debe vivir nas condicións de igualdade, calquera que sexa a súa cultura, o seu modo de vida e a súa orixe. Esa leva consigo non o considera-la nosa forma de interactuar coas culturas que nos parecen estrañas en relación á nosa. Cómprase combinar varias forzas (sociais, económicas e políticas) para poder manter en pé ese tipo de sociedade. A educación intercultural é hoxe unha das mellores ferramentas ó noso dispor para axudarnos a sacar proveito das oportunidades que ofrecen as sociedades multiculturais. Neste

sentido débese entender que a primeira resposta á integración terá que dala o Estado facendo posible primeiro:

- Integración física: vivendas integradas na rede urbana.
- Integración sanitaria: cobertura da atención á saúde do inmigrante.
- Respecto a súa diferencia cultural: tempos e espacios para as manifestación desa cultura (ritos, ceremonias, festas, expresións artísticas, etc.) Terásele que marca-lo límite ós contidos desa cultura que atenten contra os principios básicos da convivencia e contra os dereitos humanos.

E despois:

- Integración escolar: unha escola multiétnica; a diversidade é máis rica cá uniformidade.

A educación intercultural ten como obxectivo global favorecer e reforza-las bases das relación internas entre as diferentes sociedades, pero tamén entre os grupos culturais maioritarios e minoritarios.

Acadar este obxectivo significa:

- Augurar que a diversidade queda arraigada na igualdade e que iso non supón unha xustificación á marxinación.
- Facer un esforzo para reconece-las diversas identidades culturais e promove-lo respecto cara ás minorías.

Resolve-los conflictos de modo pacífico. Este obxectivo global supón que a educación intercultural intervén a nivel da sociedade no seu conxunto.

O primeiro desejo da maior parte das minorías é a aptitude para comunicarse na lingua comunmente empregada no seu lugar de residencia, pois debe sobrevivir nesa sociedade.

As necesidades da maior parte das minorías son diferentes pero interdependentes. Lóxicamente estas necesidades diferentes teñen obxectivos diferentes, pero as claves para esa educación intercultural son as seguintes:

- Afasta-los prexuízos negativos e os estereotipos étnicos.
- Buscar e pór luz (enfatizar) nos puntos comúns.
- Resaltar unha avaliación positiva da diferencia e da diversidade.
- Xerar actitudes e modos de comportamentos positivos cos individuos doutras sociedades e culturas.
- Traduci-los principios de solidariedade nunha verdadeira forma de actuar.
- Favorece-la comprensión e a realidade dun mundo interdependente e manter unha actitude coherente dentro desta realidade.

En definitiva, trátase de que os que veñen á nosa comunidade doutras razas e culturas aprendan a vida e os costumes da sociedade dominante sen perderen a súa identidade cultural, e que a sociedade que os recibe saiba aplíca-los principios que fomos numerando anteriormente.

## **II.2 MARCO LEGAL**

Conceptos	Ordes	Resolucións	Decretos	Total
Axudas (económicas, ó profesorado, alumnos, concellos, centros concertados e APMA).	26	19		45
Bolsas.	7	7		14
Creación de organismos.	2		3	5
Cursos (de formación para o alumnado).	5	5		10
Escolarización.	2	8		10
Formación do profesorado.	22	29		51
Intercambios escolares (tamén escolas viaxeiras).	4	11		15
Intercambios de profesores.		1		1
Procedementos.	3	2	4	9
Programas.	11	27	2	40
Programas europeos.	12	8		20
Proxectos (de compensación educativa e investigación).	13	14		27
Proxectos cooperativos.	5	3		8
Subvencións.	4	1		5
Supervisión de materiais.	5	7	1	13
Valenciano.	5	1		6
<b>Totais</b>	<b>126</b>	<b>143</b>	<b>10</b>	<b>279</b>

- Comprende a lexislación educativa entre o 1 de xaneiro de 1994 e o 29 de decembro de 1999.
- Contempla as ordes, resolucións e decretos aplicables, dentro do ámbito educativo, á diversidade e multiculturalidade.
- Demostrar que a nosa lexislación educativa é moderna e ofrece moitas posibilidades a pais, profesores e alumnos para avanzar.

- As axudas económicas son importantes polo que se refire ó profesorado, ó alumnado e ás asociacións de pais e nais.
- Capítulo importante é a formación do profesorado de cara á aplicación de lingua europeas no noso sistema educativo.
- A grande diversidade de programas, incluídos os europeos, garante que o tratamento das lingua estranxeiras se aplica con garantías.
- Os proxectos de compensación educativa e de investigación aseguran a atención daquel alumnado que, polas súas circunstancias, necesita un tratamento diferenciado.
- Demóstranos que, ademais dunha vocación claramente europea, temos que mirar ós países do sur, propiciando investigacións, relacións entre o profesorado, colaboración a nivel do noso goberno e unha vontade firme de seguir avanzando na diversidade e multiculturalidade. E o que é máis importante: crérmolo.

## **II.3 A INMIGRACIÓN NA COMUNIDADE VALENCIANA**

Dende mediados de 1980, España concluíu os seus seculares e cuantiosos fluxos migratorios e converteuse en novo país de inmigración. En 1993, os españois censados no estranxeiro eran 1.174.1000, mentres que os estranxeiros residentes en España eran 484.300.

A Comunidade Valenciana non é allea a este fluxo migratorio: os estranxeiros residentes na provincia de Valencia pasaron de 9.834 en 1991 a 57.466 en 1993, soamente dous anos máis tarde. De entre eles, os africanos son o colectivo que máis aumentou na Comunidade Valenciana: en 1990 os traballadores con nacionalidades deste continente eran 899 fronte ós 383 de 1993 (ver cadro anexo).

Os estranxeiros con maior incremento son os procedentes do terceiro mundo, sobre todo africanos, case exclusivamente de carácter laboral non cualificado. Entre os países que protagonizan os novos fluxos migratorios cara a España, Marrocos é o máis activo. A incorporación destes inmigrantes realizouse de modo brusco. As tres cuartas partes chegaron entre 1989 e 1992. Os inmigrantes marroquís en España constitúen actualmente a colonia estranxeira máis numerosa: 65.580 en 1993, dos que teñen permiso de traballo soamente 42.000. Os traballadores marroquís, igual que o resto dos africanos, chegaron a España sen previo contrato de traballo, é dicir como “turistas”, como polisóns ou en pequenas embarcación fóra de todo control fronteirizo.

O segundo continxente de traballadores estranxeiros é o dos arxentinos, con 8.941 inmigrantes en España dos que o 30% está na nosa comunidade.

Destaca, na Comunidade Valenciana, o crecente número de inmigrantes senegaleses, pois aquí reside o 20% do censo español.

**RESIDENTES INMIGRANTES NA COMUNIDADE VALENCIANA (ANO 1999)**

EUROPA (AGÁS UNIÓN EUROPEA)	IBEROAMÉRICA CENTRAL	ÁFRICA	ASIA	OCEANÍA
Albania 19	Arxentina 517	África do Sur 7	Armenia 35	Australia 7
Bosnia-Herzeg. 72	Bolivia 38	Angola 18	Bangladesh 11	Nova Celandia 5
Bulgaria 142	Brasil 195	Arxelia 1.072	Corea do Norte 14	
Croacia 20	Colombia 280	Benin 15	Corea do Sur 7	
Eslovaquia 21	Costa Rica 8	Cabo Verde 12	China 1.446	
Eslovenia 5	Cuba 347	Camerún 34	Filipinas 131	
Hungría 28	Chile 106	Congo 24	Xeoxia 9	
Macedonia 18	Ecuador 204	Exipto 37	Hong Kong 11	
Malta 31	O Salvador 19	Etiopía 17	India 45	
Polonia 227	Honduras 9	Gambia 30	Iran 41	
R. Checa 34	México 76	Ghana 28	Iraq 25	
Romania 474	Nicaragua 17	Guinea (Rep) 34	Israel 7	
Rusia 145	Panamá 11	Guinea Bissau 18	Xapón 30	
Suíza 198	Paraguai 25	Guinea Ecuatorial 113	Xordania 22	
Turquía 13	Perú 341	Liberia 24	Kuwait 8	
Ucraina 54	República Dom. 219	Mali 48	Líbano 48	
Iugoslavia 78	Uruguai 116	Marrocos 4.936	Malasia 5	
	Venezuela 106	Mauricio 8	Pakistan 155	
		Mauritania 24	Siria 53	
		Mozambique 5	Vietnam 7	
		Nixeria 66		
		Ruanda 6		
		Senegal 575		
		Serra Leona 23		
		Somalia 8		
		Tunicia 32		
		Zaire 21		
Outros 21	Outros 18	Outros 17	Outros 29	Outros 4
<b>TOTAL 1.600</b>	<b>2652</b>	<b>7.252</b>	<b>2.139</b>	<b>16</b>
Apártidas/Non consta				21
<b>TOTAL XERAL</b>				<b>13.680</b>

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Traballadores estranxeiros en alta laboral no sistema da Seguridade Social o 30 de setembro de 1999. Datos feitos públicos en Madrid o 2 de febreiro de 2000.

### **II.3.A CARACTERÍSTICAS SOCIAIS E CULTURAIS DOS INMIGRANTES NA COMUNIDADE VALENCIANA**

As difíciles condicións de traballo que os inmigrantes se ven obrigados a soportar convértenos, con frecuencia, en minoría discriminada. Os problemas de integración dos inmigrantes son múltiples, pois ás dificultades persoais (descoñecemento do idioma local, escasa instrucción, etc.) súmanselle-las atopadas no lugar de destino, tanto de tipo laboral como de rexeitamento social. Soamente un 36% dos marroquís e un 34% do resto de africanos di falar ben o español e só un 15% o escribe.

Un 41% dos marroquís declarase "sen estudios", así como o 75% do resto de africanos.

O 80% dos marroquís e o 87% do resto de africanos relaciónnase soamente con inmigrantes da súa mesma nacionalidade, mentres que as relación con españois só son frecuentes para o 27% dos marroquís e o 19% do resto dos africanos.

A inmigración masculina é do 90%. A inmigración feminina dedícase á asistencia doméstica, limpeza e actividades ambulantes. Supoñen man de obra xuvenil, barata e dócil.

As características do emprego son a agricultura temporeira e o comercio ambulante. Un 41% dos marroquís indica que pensa quedar en España "para sempre", mentres que os africanos occidentais só nun 5% indican que permanecerán en España.

En Valencia traballan só 6 de cada 10 inmigrantes. A súa actividade económica está moi polarizada cara á venda ambulante para os africanos occidentais (905) e repártese máis para os nor-aficanos (primario: 21%, secundario: 41% e terciario: 38%). As canles polas que xeralmente obteñen traballo son sempre as mesmas: a través doutros inmigrantes (65%) e por busca directa (10%).


Os cambios de enderezo en Valencia afectan ó 30%, debido á dificultade de atoparen vivendas baratas habitables. En xeral, o centro histórico degradado, as inmediacións do porto e os concellos obreiros industriais do suroeste (Torrent) son os más concorridos.

Valencia entre 1991 e 1992, é dicir, mentres durou o proceso de regulación de traballadores estranxeiros, expediu 2.627 permisos de traballo, o que supón o 43% da Comunidade Valenciana e o 2,7% de España.


Os inmigrantes consideran que están discriminados por recibiren menor remuneración, pola dificultade para obteren contrato de traballo e pola menor estabilidade laboral. Conforman así un subproletariado, con pouca integración na sociedade, no que é moi difícil promover.

### **II.3.B DATOS SOBRE O ALUMNADO INMIGRANTE NA COMUNIDADE VALENCIANA (CURSO 1997-1998)**

- Gráfico 1: Alumnado inmigrante na Comunidade Valenciana (Distribución xeográfica. Número de alumnos. Curso 1997-98)



- Gráfico 2: Alumnado inmigrante na Comunidade Valenciana (Distribución xeográfica. Porcentaxe de alumnos. Curso 1997-98)



Zona xeográfica	Nº alumnos	%
África negra	216	6,93
Paises Asiáticos	273	8,76
Paises do Magreb/árabes	850	27,28
América latina	929	29,81
Paises de Europa do Leste	517	16,59
Resto	331	10,62
<b>Total</b>	<b>3.116</b>	<b>100</b>

## **II.4 PROBLEMÁTICA QUE PRESENTA O ALUMNADO INMIGRANTE**

A situación que agora comeza a xurdir nos centros é nova e resulta difícil de afrontar polo profesorado. Este alumnado adoita unir, en moitos casos, á desvantaxe escolar (derivada do descoñecemento da lingua de uso do ensino, da súa incorporación tardía –moitos chegan á escola con 10, 11, ou 12 anos- dos costumes e valores diferentes que posúe, etc.) a marxinación social, que se ve agravada pola escaseza de recursos humanos e materiais para o seu desenvolvemento como persoas. En ocasións chegan a crearse nos centros grupos marxinais con actitudes mesmo violentas, coa conseguinte desarticulación que iso supón para o centro.

Igualmente, parte do alumnado que se incorpora tardiamente necesita de asistencia social para resolver problemas básicos de hixiene, alimentación, asistencia, comunicación, etc., que trascenden as competencias dun centro e que son previas a calquera outra acción.

Nalgúns centros, de xeito espontáneo, foise concentrando un número maior de alumnos inmigrantes en períodos curtos de tempo.

Así, o IES de Pilar da Horadada escolarizou o presente curso 18<sup>1</sup> alumnos marroquís, recentemente chegados a esta localidade e con diversas deficiencias na súa escolarización previa e descoñecemento total dos idiomas oficiais da nosa comunidade e, por tanto, cunha situación de partida que lles impedia seguir con normalidade o desenvolvemento das diferentes áreas de coñecemento que compoñen a ESO.

O equipo directivo, o profesorado e o resto da comunidade educativa acollerón este alumnado de xeito exemplar, realizando durante todo o curso un verdadeiro esforzo para consegui-la súa integración plena no centro.

Para logra-la súa paulatina incorporación ó currículo do centro e a súa integración na vida escolar xeral puxérонse en marcha as seguintes medidas:

- Os alumnos foron escolarizados nos grupos máis axeitados de acordo coa súa idade: 3 en 1º de ESO, 7 en 2º e 8 en 3º, pero con integración horaria parcial no grupo correspondente. Neste sentido, e para garantírlle-lo acceso ó currículo, organizáronse catro grupos, nos que se lles imparten catro horas semanais de lingua a estes 18 alumnos. Ademais, para que contén co reforzo necesario noutras áreas de especial dificultade, un profesor especialista das áreas de Matemáticas e Ciencias da Natureza impártelles un currículo adaptado no que se recollen de forma integrada os contidos fundamentais destas dúas áreas. O departamento de orientación do IES encomendóuselle a tarefa de coordinación e seguimento das diferentes actuacións levadas a cabo.

1. Neste centro, como noutros moitos, a incorporación de alumnado inmigrante prodúcese durante todo o ano. Así, a dirección do IES Pilar da Horadada comunicánonos que con data 28 de abril de 1999 contan con 22 alumnos inmigrantes.

- O IES de Pilar da Horadada contou dende a administración educativa co apoio dos asesores do CEFIRE de Alacante para a definición das adaptacións curriculares precisas e cunha dotación económica extraordinaria para facilita-la adquisición de materiais específicos para o traballo curricular con estes alumnos.
- O centro desenvolveu actividades de educación intercultural encamiñadas a favorece-la convivencia, o coñecemento mutuo, o respecto e a valoración da diversidade social e cultural.
- Realizáronse tamén xestións ante outras administracións (fundamentalmente os servicios sociais do concello), dirixidas a facilita-la comunicación e as relacións con este alumnado e as súas familias en todo aquilo que supera estritamente o marco escolar.

Así mesmo, o municipio de Lliria está a escolarizar no presente curso alumnado estranxeiro en diversos centros da poboación, despois de aplicarse os criterios xerais de escolarización. O municipio escolariza 26 alumnos inmigrantes; aínda que estes datos aínda non resultan relevantes, a preocupación dos centros emana da previsión, realizada polos servicios sociais do concello de Lliria, de que estas cifras se incrementarán nos próximos cursos.

O alumnado citado está recibindo por parte dos respectivos claustros a atención adecuada dentro dun contexto de integración e normalización, sempre coa participación continuada da Inspección de Educación. O maior esforzo desenvolvido centrouse en resolve-los problemas causados polo descoñecemento dos nosos idiomas oficiais, a través da atención individualizada.

A Concellería de Servicios Sociais do concello de Lliria programou un plan de actuacións para desenvolver no presente curso escolar, en atención a estes alumnos: apoio dun traballador social, dotación de axudas económicas destinadas a cada familia destes alumnos para cubrir gastos complementarios de escolarización, como por exemplo axudas de comedor para o grupo de nenos inmigrantes que o precise, etc.

Estase realizando tamén un programa de formación do profesorado titulado “Sensibilización e coñecemento da realidade intercultural na escola”.

## **II.5 PROPOSTAS DE INTERVENCIÓN**

### ***II.5.A UN PROGRAMA PARA A INTEGRACIÓN DO ALUMNADO XITANO. SOLUCIÓNNS E ESTRATEXIAS***

O 16 de outubro de 1999 celebráronse en Valencia as *IV Xornadas Culturais do Pobo Xitano* coa finalidade de achegar á sociedade unha imaxe diferente deste colectivo, afastada dos prexuízos e estereotipos absurdos que aínda perduran.

Tres problemas manifestáronse como inquedanzas. Un é a vivenda e a posibilidade de conseguir casas decentes para tódolos seus membros. Outra inquedanza xitana é que se trata dun colectivo masacrado pola droga, rémora para a súa integración e que loitan por sacudir de enriba.

A terceira é a educación e a cultura, onde fan grandes esforzos para evita-lo absentismo entre os máis mozos. Neste momento, son 39 os monitores que controlan a asistencia á clase dos nenos xitanos de Valencia. Deles hai mulleres xitanas entre os novos monitores.

Trátase de lograr que a escola e a rúa sexan dous puntos de encontro de culturas, a paia e a xitana, que deben enriquecerse mutuamente.

Os obxectivos que se marcaron nas conclusións, é dicir, as solucións e estratexias que apuntaron foron:

- Escola: aumenta-lo número de monitores xitanos que axuden a evita-lo absentismo escolar.
- Interrelación: seguir mellorando as relacións entre as comunidades paia e xitana.
- Maiores: mellora-la actual calidade de vida dos xitanos de maior idade.
- Muller: potencia-lo papel da muller dentro da cultura xitana e abrila ó mundo laboral.
- Respecto: integra-lo colectivo xitano, respectando as particularidades da súa cultura.
- Obradoiros: aumenta-lo número de obradoiros ocupacionais destinados á comunidade xitana.
- Vivenda: achega de fondos para vivendas destinadas ó colectivo xitano.

## ***II.5.B PROXECCIÓN DESAS ESTRATEXIAS A OUTROS COLECTIVOS***

Estas estratexias son igualmente válidas para outros colectivos, etnias que chegan cada día en maior número á nosa Comunidade. Non viñeron a engrosa-las bolsas de paro, de pobreza ou, o que é peor, de delincuencia. O que se deseja é:

- a) Para os fillos unha escola que logre integralos na sociedade.
- b) Para eles e os seus fillos –ademais de integrarse na sociedade en que viven– o conseguir seren cidadáns, que sexan apreciados como persoas e como bos profesionais, distinguidos e apreciados.

## **II.6 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA**

Para lles poder dar respuestas axeitadas ás necesidades dunha integración intercultural entendemos que será interesante configura-los programas de actuación seguintes:

- Programa I (pensado para que se aplique naqueles centros de localidades receptoras permanentes de poboación inmigrante). Contará con profesionais que dominen a lingua ou as linguas da poboación inmigrante maioritariamente e que actuarán no marco dun deseño didáctico propio co fin de que se produza canto antes a aprendizaxe da lingua. Así mesmo, deberán contar coa actuación de traballadores sociais que nos primeiros momentos de acollida deben manter relación fluída coa familia, así como coa actuación dunha figura, que cómpre definir, de mediador cultural que faga posible a comprensión dos comportamentos dos alumnos cos que se van atopar e ó mesmo tempo coide dese alumnado respecto a ser diferente dos que chegan por primeira vez á súa escola.
- Programa II (pensando para actuar naqueles centros dos poboacións que acollen temporalmente poboación inmigrante). O contido debería ser similar ó programa I. Os profesionais terán o carácter de apoio ó profesorado regular deses centros.
- Programa III (pensando para aqueles centros de localidades nas que accidentalmente se dá presencia non significativa de inmigrantes en idade escolar). Constaría basicamente de material didáctico apropiado e asesoramento e apoio de persoal cualificado, a través dunha aula especialmente preparada.
- Programa específico de aprendizaxe da lingua propia na educación de persoas adultas (centros de formación de persoas adultas). Non esixe de maneira normalizada a programación atractiva de clases da lingua do país de acollida, o que non lles facilita ás persoas adultas inmigrantes a integración social e o seu acceso a outros bens culturais. Precisanse actuacións específicas de formación para a muller inmigrante.

#### **Unha necesidade urxente**

Buscouse a maneira para que a homologación e confirmación de estudos e títulos estranxeiros se realice de forma máis rápida posible.

Flexibilidade no momento de adscribir ese alumnado a niveis e grupos independentemente da súa idade.